

{g coordinadora galega
de equipos
de normalización e
dinamización lingüística

www.coordinadoraendl.org

fabricamos futuro
producimos galego

ABRINDO PORTAS EN GALEGO



Se é en galego



é de calidade

POR QUE INTRODUCIR O GALEGO NA EMPRESA?

1. Porque vender en galego **distingue positivamente** as empresas galegas dos seus competidores xa que **identifica o produto** coa súa comunidade de orixe.
2. Porque etiquetar e publicitar en galego **é marca de calidade**: non é o mesmo a *xouba* ca a *sardinilla*.
3. Porque os rótulos en galego identifican as empresas como autóctonas e isto transmite **confianza** na clientela.
4. Porque en Galicia, practicamente o **100% da poboación entende** o galego.
5. Porque para a poboación española o galego escrito é facilmente **comprensible** e dálle **autenticidade** ao produto ou ao servizo.
6. Porque o galego **abre mercados** en Portugal e en Brasil.
7. Porque en Galicia **temos dúas linguas** e é conveniente que sexan visibles en todos os ámbitos. Ademais, empregar unha non implica eliminar a outra.
8. Porque o **dominio de dúas linguas** por parte de directivos e traballadores sempre supón **beneficios** para as empresas, especialmente cando existe contacto directo co público e coa clientela

PORQUE
USAR O GALEGO
VENDE MÁIS E MELLOR...

ANÍMATE

**A usar o galego
falado e escrito,
só ou ao lado do castelán
na atención ao público,
nas cartas de menú,
nas listaxes de prezos,
nos folletos publicitarios
nas tarxetas comerciais,
nos membretes,
nas facturas e recibos
nos formularios de resposta...**

A túa clientela hacho agradecer
e a túa empresa sae ganando!